

VII XORNADA DE USUARIOS DE EN GALICIA

HAI QUE INSCRIBIRSE?

Non. Como a xornada se vai realizar de xeito non presencial, non é necesario inscribirse xa que non haberá limitacións de aforo.

Non obstante, se queres obter un certificado de asistencia terás que dispoñer dun perfil (gratuíto) en Zoom.



COMO PODO OBTER O ZOOM?

Podes descargar de xeito gratuíto o cliente para reunións de Zoom axeitado ao sistema operativo do teu computador [desde este enlace da súa páxina web](#). Tamén precisas dispoñer dun perfil gratuíto, que podes crear [desde este enlace](#).



ONDE CONSULTO O PROGRAMA?

Está dispoñible na web das xornadas, [no apartado de programa 2020](#).

Aquí poderás ver tamén, no día da xornada, os enlaces a cada unha das salas de chat, xunto ao título de cada un dos relatorios previstos.



Máis información

r-users.gal

COMO SIGO A XORNADA?

A xornada vaise emitir en directo por dúas canles: Zoom e YouTube.

- Se queres obter un certificado de asistencia á xornada, debes seguir o seu desenvolvemento a través de Zoom, xa que nos permitirá realizar un control sobre quen se conecta e durante canto tempo.

Esta opción require que teñas un perfil gratuíto en Zoom e que accedas á sala identificándote cos teus datos.

- Se non vas precisar o certificado, podes seguila a través da canle de YouTube das xornadas sen necesidade de rexistro ningún.



QUE PODO FACER NA SALA VIRTUAL?

Como persoa asistente, e con independencia de se accedes a través de Zoom ou a través de YouTube, só poderás escoitar e ver ás persoas relatoras.

Para propoñer as túas preguntas, comentarios ou dúbidas, cada sesión contará unha canle específica de Rocket Chat ([dispoñible neste enlace](#)).

En función do tempo dispoñible, as persoas relatoras contestarán de viva voz tras o seu relatorio ou por escrito no propio chat, que estará dispoñible nos días seguintes á xornada para poder revisalo con calma.



> Organiza



> Colabora



> Patrocina



XUNTA
DE GALICIA